

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Teresa dos Cucos, Mestra da Memoria 2021, recibe hoxe o seu galardón

XOSÉ M. VARELA



Ana Garcia

NO CONFÍN DOS VERDES CASTROS | A malpicá, elixida por unanimidade polo xurado, acudirá esta tarde a Lugo para recoller o premio da AELG

29 oct 2021 . Actualizado a las 12:22 h.

Hai meses a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) anunciaba que a nosa veciña de Pontella (Santiso, Malpica de Bergantiños), Teresa Reigía Pose (**Teresa dos Cucos**), fora galardoada co **Premio Mestra da Memoria 2021**. Ao longo da historia deste galardón, a Costa da Morte tivo protagonismo especial nos mesmos. Foron distinguidos con el Dolores Macías

Pose (Boneiro, Cabana de Bergantiños), Manuel Pazos (Merexo, Muxía) e Serafín Mourelle (Corme, Ponteceso).

Un dos obxectivos destes recoñecementos é valorar en vida a persoas que conservan vivo o legado da memoria oral. Fundamentalmente nos eidos da literatura e música popular. En concreto, esta actividade forma parte da sección **Literatura de Tradición Oral** da AELG, posta en marcha no seu día por Antonio Reigosa.

Reclamados no seu momento polo propio Reigosa, temos a sorte de formar parte do grupo de **traballo asesor** destes premios xunto con persoas de toda Galicia como Ana Acuña, Xosé Félix Vicente, Carme Pernas Bermúdez, Carlos Solla, Xurxo Souto, Lois Pérez e tamén Antonio Reigosa.

Teresa dos Cucos foi elixida por **unanimidade** do xurado. De modo especial valoróuselle o amplo repertorio de **cantigas** populares que garda na memoria xunto con múltiples camparsas que lembra e canta grazas a que foi observadora directa na infancia destas manifestacións moi vivas no seu tempo nas parroquias de Mens, Barizo, Santiso, Buño ou mesmo na propia vila mariñeira de **Malpica** nas épocas do entroido ou da Pascua Florida. Teresa dos Cucos tamén formou parte durante moitos anos do grupo Raíces Combinadas de Limiñoa (Cores. Ponteceso), fiel representante etnomusical da tradición oral bergantiñá. Osbervando as súas actuacións en vivo, percibiamos neles que o tempo quedaba detido e que estabamos contemplando unha escena de música e danza en calquera aldea de noso séculos atrás. Música e baile populares como trazo de identidade da Terra de Bergantiños.

Xunto con persoas xa falecidas (Eliseo do Couto ou a pandereteira Evangelina Trigo Vecino), tivemos a sorte de contar coa presenza de Teresa dos Cucos na Polafía de **Cerqueda**, organizada no entroido de 2011 pola AELG no Complexo Aldeola. Cantounos con mestría a primeira parte da comparsa do Entroido de 1961 legada pola man do escritor popular Manuel Ordóñez (Manuel de Cereán, de Mens, aínda vivo nesta aldea). O vídeo da súa intervención nesta Polafía está colgado na web da AELG, sección Literatura de Tradición Oral.

Anos despois, a nosa informante continuou a ser gravada en múltiples ocasións como, por exemplo, no programa Alalá da Televisión de Galicia. Este venres 29 de outubro [hoxe mesmo], acompañaremos a Teresa dos Cucos na cidade de **Lugo** (18.00 horas, Centro Cultural Cárcere Vello) para cando reciba de mans de Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, o Premio Mestra da Memoria 2021. Degustaremos con ledicia a intervención que realice a nosa autora. Seguro que nos deleitará cun rico manxar de coplas populares. Saborearémolas no padal como exquisito mel das mellores colmeas da terra nativa. Parabéns por este merecido, benquerida Teresa. Longa vida á memoria popular das nosas aldeas. Sempre estaremos en débeda contigo por tan importante legado que depositaches nas nosas mans.